

## CONXUGACIÓN SILENTE

Mientras dormimos o silencio latexa, osixenando as veladuras da vida. Nesta serie Montse Gutiérrez aporta novos vieiros á súa pintura. Nestes lenzos habitan sombras cegas que golpean dende dentro, cun latexo que non se escuta, que non se ve... que tan só pode sentirse, sen evidencias nin certidumes.

Montse amósanos unha cartografía do real, un mapa de ausencias e presencias, de acenos e sombras, que enfía con inqueda luz. As súas realidades, son realidades que participan da reconstrucción do real que realizamos durante o sono. Se trata de reconstruccións, case terapéuticas, que nos permiten experimentar a morte ou permanecer pasivos ante a dor dos outros, que permiten camiñar sen chan e voar sen ás. Así, acontece tamén na realidade da nosas experiencias na vixilia onde enmudecemos ante a dor alrea e entendemos a realidade sempre como parcial e propia.

As presencias pictóricas de Mientras dormimos reclaman ser. Montse Gutiérrez avanza nesta serie cara novas topografías, atopándose con soños enguedellados, soños arrolados, soños compartidos... onde os ollos se pechan para mirarse, onde as bágoas e os berros enrédanse co morno alento do sono.

Natalia Poncela López



Serie *Mientras dormimos* (2005)  
Acrílico sobre lenzo  
50 x 61 cm